



https://www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Síndromes de dor nas extremidades

Versión de 2016

7. Sinovite transitoria de cadeira

7.1 Que é?

A sinovite transitoria de cadeira é unha inflamación leve da articulación da cadeira (que ten un pequeno derrame ou máis cantidade de líquido articular do habitual), de causa descoñecida, e que se resolve por si soa sen deixar dano ningún.

7.2 Como é de frecuente?

É a causa máis frecuente de dor na cadeira nos pacientes pediátricos. Afecta a entre o 2 e 3% dos nenos con idades comprendidas entre os 3 e 10 anos. É máis frecuente nos nenos (unha nena por cada 3 ou 4 nenos).

7.3 Cales son os síntomas máis habituais?

Os síntomas principais son dor na cadeira e coxeira. A dor na cadeira pode presentarse como dor na ingua, na parte superior da coxa e, ocasionalmente, no xeonllo, habitualmente de inicio repentino. A manifestación máis habitual é que o neno se levante con coxeira ou negándose a camiñar.

7.4 Como se diagnostica?

A exploración física é característica: coxeira con diminución do movemento da cadeira e con dor, nun neno que non presenta febre, é maior de 3 anos de idade e non parece estar enfermo. Ambas as dúas cadeiras vense afectadas no 5% dos casos. A radiografía de cadeira adoita ser normal polo que pode non ser necesaria. Doutra banda, á

hora de detectar a sinovite da cadeira é moi útil a realización dunha ecografía.

7.5 Como se trata?

A base do tratamento é o repouso, que debe ser proporcional ao grao de dor. Os antiinflamatorios non esteroideos poden axudar a reducir a dor e a inflamación. O trastorno adoita resolverse entre 6 e 8 días.

7.6 Que prognóstico ten?

O prognóstico é excelente, cunha recuperación completa no 100% dos nenos (por definición, trátase dun trastorno transitorio). Se os síntomas persisten máis de 10 días, debe considerarse que se trata doutra enfermidade. Non é infrecuente o desenvolvemento de episodios repetidos de sinovite transitoria, que adoitan ser máis leves e máis breves que o primeiro.